

Asunto: informe sobre Parque eólico ORBALLEIRA

Promotor: Sinagra Investments, S.L.

Localización: Concellos de Quiroga (Lugo), Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense)

Clave: IN408A/2020/006

ANTECEDENTES:

O proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalación do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental da actuación Parque eólico Orballeira nos termos municipais dos Concellos de Quiroga (Lugo), Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e a través Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, solicitouse informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento a través de rexistro o 25 de abril de 2022 á cal fai mención o seguinte informe.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 5 aeroxeneradores acadando una potencia total de 33,00 MW, o modelo de aeroxenerador seleccionado é o SIEMENS GAMESA SG 6.6-170 que terá un diámetro máximo de rotor de 170 m e altura máxima de buxe ata 135 m.

INFORME

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque eólico Orballeira tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global a ter en conta nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poder producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas e correctoras no desenvolvemento da explotación.

CONCLUSIÓN

TURISMO DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achedgado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico Orballeira bno turismo rural local así como na súa contorna é **REDUCIDO**, , e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental, de tal xeito que as afección a elementos arqueolóxicos existentes debe ser analizado desde o punto de vista patrimonial.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

